OBRADOIRO

ORIENTACIÓN PROFESIONAL CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico, ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envialas cando se empregue ese medio.

O obradoiro terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os socios e socias da Sección de PTO do COPG e membros da División de Psicoloxía do Traballo, Organizacións e Recursos Humanos do Consejo General de la Psicología, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número suficiente de inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o obradoiro entregarase o correspondente certificado de aproveitamento en función da asistencia e participación, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Último día de inscrición: **10 de outubro de 2018.**

Boletín de inscrición

Nome e apelidos: .....

Tfno.: .....

Enderezo: .....

Cidade e C.P.: .....

E-mail: .....

Profesión: .....

Centro de traballo: .....

Data: ..... Nº de colexiado/a: .....

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámoslle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, con CIF Q1500265B, con domicilio en Rúa Espiñeira,10 baixo, Santiago de Compostela, provincia da Coruña, con número de teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade.

Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conservarémolos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a copgalicia@copgalicia.gal ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámoslle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no número de teléfono 981894601 e correo electrónico copgalicia@copgalicia.gal.

Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na páxina web www.copgalicia.gal

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

OBRADOIRO

ORIENTACIÓN PROFESIONAL CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Santiago de Compostela
20 de outubro de 2018

A Orientación Profesional cada vez está máis presente na sociedade e na vida de moitas persoas. Non só daquelas que están a buscar un emprego, senón tamén daquelas que, xa tendo un, procuran acadar o seu completo desenvolvemento profesional.

No contexto socioeconómico actual, é importante que os profesionais da orientación sexan conscientes das diferentes circunstancias e dificultades que as mulleres e os homes atopan nas súas vidas en xeral e nos seus camiños laborais en particular, para así poder realizar unha intervención máis axeitada, que facilite a cada persoa o cumprimento dos seus obxectivos en función do seu punto de partida.

Así, consideramos importante reflexionar sobre os motivos polos cales á orientación profesional, que xa de por sí é unha disciplina sumamente individualizada e personalizada, se lle debe aplicar unha perspectiva de xénero que reduza os efectos das discriminacións e da desigualdade que sofren as mulleres, establecendo unhas pautas comúns nas distintas fases do proceso de orientación.

ORGANIZA: Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

RELATORA: Nines Jordán Mateos. Psicóloga. Orientadora laboral en Federación de Mujeres Progresistas de Madrid.

COORDINA: Sandra Iglesias Rodríguez.

DATA: 20 de outubro de 2018.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (Campus Vida, R/ Xosé María Suárez Núñez, s/n, 15782 Santiago de Compostela, A Coruña).

OBXECTIVO: Aprender a deseñar, executar e avaliar itinerarios personalizados de inserción laboral, establecendo pautas para introducir a perspectiva de xénero nas distintas fases do proceso. Construír unha rede de traballo e crear un espazo de reflexión sobre igualdade de xénero. Adquirir ou potenciar as competencias de análises de necesidades, establecemento de obxectivos, avaliación individual, planificación da intervención, intervención directa orientada á persoa e autorreflexión.

METODOLOXÍA: Intercalarase parte teórica e práctica, esta última participativa e baseada na aprendizaxe significativa, a través do uso de ferramentas pedagóxicas como dinámicas, medios audiovisuais e novas tecnoloxías.

HORARIO: De 09:30 a 14:00 horas.

Nº DE PRAZAS: 35.

INSCRICIÓN: Gratuíta.

OBRADOIRO
ORIENTACIÓN PROFESIONAL CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

09:30 h.
Recepción e entrega da documentación.

09:45 h.
Presentación

10:00 h.
Situación actual da Orientación Profesional en España.

10:30 h.
Por qué unha Orientación Profesional con perspectiva de xénero?

- A desigualdade de xénero no mercado laboral. Algúns datos.
- Segregación horizontal e vertical.
- Brecha salarial, brecha de corresponsabilidade e brecha dixital.

11:30 h.
Pausa-Café

12.00 h.
Deseño, desenvolvemento e seguimento do itinerario personalizado de inserción sociolaboral.

13.00 h.
Proxectos de orientación laboral dirixidos a mulleres.

- Accións de empoderamento e aspectos psicosociais.
- Orientación laboral con mulleres que sofren violencia de xénero.